PRIMAVERA, Nº 15

Boletín

afaesferrol@mundo-r.com
www.feafesportanova.org

Contidos:

> Feira científica
> Entrevistas e visitas
> Voluntariado de Caixabank
> Feafes a través do servicio OEDEM
> Asesoría xurídica
> Obradoiro de primeiros auxilios
> Actividades realizadas nos últimos meses

SAÚDE MENTAL
Ferrol, Eume e Ortegal
Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental

FEIRA CIENTÍFICA IMPARTIDA POR ALUMNOS DE ENXEÑERÍA E DESEÑO INDUSTRIAL

Dentro do convenio coa universidade da Coruña, para desenvolver proxectos de aprendizaxe e servizo, recibimos a proposta de realizar unha Feira Científica cos alumnos do primeiro curso da Escola Universitaria de Deseño Industrial .
Primeiro, os alumnos e as súas profesoras compartiron cos nosos usuarios unha mañá no Centro para favorecer o coñecemento mutuo dentro das actividades e talleres que realizamos a diario. Despois, nunha sesión posterior o día 11 de abril, os alumnos, como xa fixeran no curso anterior, mostraron a modo de **"Feira científica"** distribuída en 6 mesas de traballo e de xeito práctico coñecementos relativos a:

Mesas 1 e 2: Física
Explicando densidade e electricidade estática con experimentos da vida diaria, como lámpada de lava e futbolín.

Mesas 3 e 4: Plásticos
Explicando a identificación de plásticos por códigos numéricos.

Mesas 5 e 6: Reutilización
Facendo diferentes obxectos con materiais plásticos, coma por exemplo, lapiceiros, suxeitamóviles, etc

ENTREVISTAS E VISITAS

Durante estes meses recibimos varias visitas e tamén tivemos varias entrevistas. Aquí vos deixamos un resumo.

VISITA DA EX CONCELLLEIRA DE SSSS DO GRUPO POPULAR DO CONCELLO DE FERROL

O 16 de xaneiro recibimos na asociación a visita da ex - concelleira de SSSS do concello de Ferrol, polo Partido Popular, Rosa Martínez Aneiros acompañada da portavoz municipal do partido Martina Aneiros Barros, a finalidade ademais de recoñecer a labor da entidade co colectivo de persoas con discapacidade mental e os seus familiares, tamén foi escoitar as necesidades e proxectos de futuro da entidade.

ENTREVISTA COA CONCELLEIRA DE SSSS DO GRUPO MUNICIPAL FERROL EN COMÚN.

O luns 26 de marzo dous directivos de Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal, o presidente e o tesoureiro, xunto coa directora acoden ó concello de Ferrol a entrevista solicitada pola concelleira de SSSS de Ferrol en Común Saínza Ruíz, na que tratamos temas de interese para entidade, entre outros os seguintes:

-Necesidade de dispoñer dun local en Ferrol, preferiblemente municipal, para acercar os servizos a poboación deste concello (maioritaria en número de persoas afectadas fronte a outros concellos da área sanitaria) que precisa de programas específicos para dar satisfacción as súas necesidades de rehabilitación psicosocial e de integración laboral.

-Solicitamos participar na Mesa de Coordinación de Persoas Sen Fogar coordinada polo Concello e composta por representantes de distintas entidades da cidade, dado que un porcentaxe grande das persoas sen fogar, teñen problemas de saúde mental. Expresamos a vontade de aportar o noso traballo e os nosos recursos cando sexa preciso, en coordinación e colaboración co resto de entidades e servizos, definir os puntos de actuación e os procedementos a seguir nos casos de persoas con problemas de saúde mental .

ENTREVISTA CO ALDALDE DE FERROL

O pasado venres 13 de abril, o alcalde de Ferrol Jorge Suárez, recibiu os representantes da entidade, presidente, tesoureiro e directora, en entrevista persoal para tratar o tema que anteriormente faláramos coa concelleira de servizos sociais, sobre uso de locais municipais, e pasamos a visitar os que o concello ten baleiros no Centro Comercial Porta Nova. Estamos a espera de que o concello nos informe da dispoñibilidade daqueles locais que son de interese para a asociación e se fora o caso das condicións de cesión.

VISITA DA EX CONCELLLEIRA DE SSSS DO GRUPO POPULAR DO CONCELLO DE FERROL

INVITACIÓN DO COLEXO LA SALLE DE FERROL

O luns 5 de marzo respondemos a Invitación do Colexio La Salle e asistimos o presidente e a directora ó acto de presentación oficial do Pasaporte Solidario, acto no que estivo presente o Conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, e a Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, Celia Vázquez Suárez.
Durante este curso os alumnos de 3º e 4º da ESO están participando en actividades de voluntariado, dentro do programa **Pasaporte Solidario**. Así o mércores 25 de abril un grupo de 11 alumnos acompañados dunha mestra participan cos usuarios da entidade facendo traballos ocupacionais.

VISITA DA RESPONSABLE REXIONAL DE FSC INSERTA A ENTIDADE SAÚDE MENTAL FERROL EUME ORTEGAL.

O pasado 9 de abril recibimos na entidade Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal a Menchu Iglesias Rey, responsable rexional de FSC Inserta en Galicia (Por Talento), entidade de recursos humanos de Fundación ONCE, especializada na inserción laboral das persoas con discapacidade.
Unha das preocupacións principais compartida coa responsable rexional foi a de buscar fórmulas para dinamizar na área xeográfica de Ferrol e comarca o proceso de integración laboral das persoas con discapacidade mental, e tamén compartimos o interese de traballar de xeito coordinado na busca de recursos formativo-laborais para o desenvolvemento de itinerarios de inserción personalizados a través dos programas que ofrece FSC Inserta.

VOLUNTARIADO DE CAIXABANK

Na semana do 9 ó 13 de abril, 7 traballadores de distintas sucursais bancarias de Caixabank participaron polas tardes como voluntarios nos talleres ocupacionais de lavandería, madeira e manualidades.

FEAFES A TRAVÉS DO SERVICIO OEDEM

FEAFES GALICIA A TRAVÉS DO SERVIZO OEDEM TRABALLA DE XEITO ESPECIALIZADO A INTEGRACIÓN LABORAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE MENTAL NA ÁREA SANITARIA DE FERROL

Dende o pasado mes de marzo unha orientadora laboral da delegación de Feafes Galicia en A Coruña, está en coordinación coa nosa entidade e tamén coas Oficinas de Emprego de Ferrol, cos servizos de saúde mental e cos servizos sociais de Narón, Ferrol e Fene, para a través dos profesionais destes dispositivos recibir as derivacións de persoas desempregadas con problemáticas de saúde mental e que estean en condicións de mellorar a súa situación formativo laboral para acceder ó emprego.
Progresivamente o servizo irase ampliando a outros concellos da área sanitaria a través da coordinación coas oficinas de emprego , as entidades sociais, etc e outras entidades do entorno comunitario para derivación de posibles beneficiarios.
Este servizo para a inserción laboral de persoas afectadas por unha problemática de saúde mental realízase en mércores alternos na 6ª planta da Casa Solidaria en Ferrol con cita previa e derivación da persoa dende os servizos citados anteriormente.
Este servizo que xestiona A Federación de Asociacións de Persoas con Enfermidade Mental Feafes Galicia recibe o nome de OEDEM (Observatorio de Emprego para Persoas con Enfermidade Mental) e ten a finalidade de ofrecer información, asesoramento e apoio a inserción laboral das persoas con enfermidade mental traballando como centro colaborador do Servizo Público de Emprego de Galicia. Tamén realiza intermediación laboral coas empresas e apoio para a consecución e o mantemento do posto de traballo.

ASESORÍA XURÍDICA

A Asociación Saúde Mental Ferrol, ofrece, a través da Asesoría de Feafes Galicia, servizos de Información e formación tanto as persoas con enfermidade mental como os familiares, sobre a defensa e exercicio dos seus dereitos.
O servizo, o fronte do cal están dous asesores xurídicos, é gratuíto e ten a finalidade de orientar a calquera persoa que o precise sobre asuntos legais relacionados coa enfermidade mental, como poden ser pensións, xerencias, incapacitacións, problemas penitenciarios ou laborais, reclamacións ante consumo e as administracións públicas ou aspectos xurídicos das débedas entre particulares ou entre particulares e empresas ctc.

Dende as asociacións remitimos os asesores xurídicos, as preocupacións e peticións que nos formulan os usuarios e os familiares, e seguimos todo o proceso de xestión da consulta, facilitando tamén a documentación que requira o caso.
Noutras ocasións solicitamos cita ó usuario /familiar para entrevista presencial, ben na sede en Santiago ou na Delegación de referencia para o paciente (a Coruña,
Se a persoa que precisa información é usuaria, será un profesional da entidade quen realice o trámite, en caso contrario facilitamos a persoa o teléfono gratuíto da federación 900 102 661.
Un ano mais, probablemente no mes de outubro, contaremos na nosa asociación coa participación dos asesores nunha charla coloquio con usuarios, familiares e profesionais, tratando temas que novamente será de interese xeral e de utilidade para os asistentes.

OBRADOIRO DE PRIMEIROS AUXILIOS

Xunto con Aspaneps participamos o día 12 de marzo a un Obradoiro de Primeiros Auxilios con seguintes contidos:

- Atención inicial en situacións de urxencia máis frecuentes: Como chamar ao 061.
- Asistencia inicial ante un traumatismo: feridas e hemorraxias.
- Convulsións e crise epiléptica.
- Dificultade respiratoria: ansiedade, crise asmática, etc.
- Dor torácica.
- Queimaduras: escaldadura.
- Perda de coñecemento: síncope, coma, etc
- Diabetes: hipoglucemia.
- Reaccións alérxicas.
- Picaduras e mordeduras.
- Reanimación Cardiopulmonar Básica: atragantamento e recoñocemento dunha PCR.

O curso forma parte da **Escola de Saúde para cidadáns** que imparte o Sergas , tivo unha duración de 4 horas e fíxose no ambulatorio Fontenla Maristany de Ferrol.
Por parte da nosa entidade asistiron 7 profesionais.

ACTIVIDADES DE OCIO DOS ÚLTIMOS MESES

Festa de Nadal (20 decembro): Despedimos o ano 2017 celebrando unha gran festa onde todos disfrutamos en boa compañía de bailes, pinchos, xogos…etc. Imos a polo 2018!!

Campionato de Tenis de Mesa A Coruña (2 marzo): Bonita xornada de deporte e convivencia que pasamos no Clube San Amaro. E ademáis trouxemos un trofeo para a casa!! Non se pode pedir máis. Parabéns a todos os participantes e en especial a Nico que como xa é habitual destacou co seu xogo.

Viaxe a Cantabria (19- 22 marzo): 7 persoas partimos de Narón para unirnos con un grupo dunhas 56 persoas formado por asociacións de toda Galicia camiño de Cantabria. Visitamos Santoña, Laredo, Santander, Santillana de Mar e Castro Urdiales. Xa de volta para a casa paramos a visitar as Covas do Soplao. Nin sequera o frío que pasamos nos impediu disfrutar desta preciosa viaxe!!

Estancia de Respiro en Sanxenxo (5-7 abril): qué boa finde pasamos!!! Ademáis de Sanxenxo visitamos Cambados, O Grove, A Toxa e Vilanova.

Viaxe ó Balneario de Cuntis (16-18 abril): Un grupiño de 5 persoas tivemos a sorte de pasar 3 días con compañeiros de outras asociacións neste balneario. Nos relaxamos nas súas augas termais, paseamos polo pobo, visitamos o Centro de interpretación de Campo Lameiro e ata aproveitamos o bo tempo para dar un paseiño por Cambados. Non queríamos voltar…pero aquí estamos…xa pensando na viaxe do vindeiro ano.

Festa fin de ano

Campionato Tenis de mesa

Viaxe a Cantabria

Casa respiro Sanxenxo

Balneario Cuntis

CRPL NARÓN
Rúa Río Sil, 1-3,Baixo (Piñeiros)
15570 Narón
Tfno.:981388992 Fax: 981393018
E-mail:afaesferrol@mundo-r.com
Web:feafesportanova.org

CRPL CERDIDO
Escola da Avispeira, lugar de Porto s/n, 15569, Cerdido

CENTRO OCUPACIONAL
Rúa Río Sil, 2-4,Baixo (Piñeiros)
15570 Narón

Concello de As Pontes

Síguenos en facebook